

# Máis sindicato na empresa para termos máis sindicato na sociedade

■ Proximidade como premisa sindical e afastamento da rutina e da perspectiva a curto prazo. Para Rodolfo Benito, secretario confederal de Estudos de CCOO e presidente da Fundación 1.º de Mayo, estes son os elementos clave para reforzar a nosa estratexia sindical.



**Rodolfo Benito Valenciano**

Secretario confederal de Estudos de CCOO  
Presidente da Fundación 1.º de Mayo

A magnitude da crise económica e os seus efectos devastadores sobre o emprego, así como o rumbo ideolóxico da súa xestión política –baseada en recortes de dereitos e prestacións–, reactivaron o debate ao redor da cuestión social. Conferiulle, ademais, unha nova centralidade ao traballo como factor de cidadanía, pondo de manifesto os dramáticos desaxustes entre a oferta e demanda.

A reforma laboral imposta polo Goberno do Estado ten como obxectivo desequilibrar radicalmente as relacións laborais, tanto nos seus medios –aumenta o poder empresarial mentres diminúen a tutela xudicial e a cobertura da negociación colectiva– como nos

seus fins –depreciación salarial, desregulación normativa, enfraquecemento do poder contractual dos traballadores e traballadoras.

Situar o emprego decente como principio de actuación universal é unha cuestión central, máis aínda nun marco en que se irá alterando significativamente o tipo de regulación e o valor político do traballo.

O respecto e a vixencia xeneralizada da liberdade sindical –e, por conseguinte, a presenza do sindicato como figura social clave, non só das relacións económicas e sociais, senón da propia civilización democrática– estase cuestionando e isto hai que combatalo: a posta en valor da función sindical é un compoñente estraté-

xico da acción sindical que require moita visibilidade do sindicato, dos seus dirixentes en todos os ámbitos, desde a empresa ata a dirección confederal, no centro de traballo e na sociedade, no conflito e na negociación, na súa capacidade de proposta e de alternativas.

Engadimos a aposta de máis sindicato: máis próximo aos afiliados e afiliadas, aos traballadores e traballadoras desde a empresa; máis aberto á sociedade; máis forte, máis igualitario e máis confederal; capaz de xestionar os seus recursos eficazmente e capaz de asumir un amplo proceso de renovación. Máis participación da afiliación, desde o centro de traballo, no sector, no territorio, para unha maior relación cos traballadores e traballadoras, para conseguir unha maior fortaleza do discurso sindical.

O sindicato debe estar onde se dirimen os intereses da forza do traballo. Mais ese lugar non é só o centro de traballo, implica a necesidade de que o sindicato se sitúe con renovada forza e protagonismo na empresa, abrindo canles de participación ás mulleres, á mocidade, ás novas realidades produto dos procesos migratorios, ás vítimas de distintas formas de precariedade. Cómpre abrir vías para revitalizar a acción sindical na empresa, que non é outra cousa que o lugar onde se fan efectivos os cambios –polo tanto, é o lugar onde tamén se han facer efectivos os

**O sindicato debe estar onde se dirimen os intereses da forza do traballo. Mais ese lugar non é só o centro de traballo, implica a necesidade de que o sindicato se sitúe con renovada forza e protagonismo na empresa, abrindo canles de participación ás mulleres, á mocidade, ás novas realidades produto dos procesos migratorios, ás vítimas de distintas formas de precariedade**

novos retos que o sindicalismo ten ante si.

Pero non só a mobilización no centro de traballo ou na rúa que, sendo importante, ten que ir acompañada ineludiblemente da mobilización das ideas, dos cadros sindicais, a mobilización organizativa, a de todos os recursos do sindicato.

Xunto a isto, hai que reforzar o concepto de *utilidade* do sindicato: o alcance e resultados da súa intervención na acción sindical cotiá, a negociación colectiva e a concertación social, a acción xurídica como complemento da sindical e os servizos que presta, pondo de manifesto o factor diferencial que a presenza ou non do sindicato supón en materia de condicións de traballo, dereitos, seguridade contractual, etc.

Reforzar estratexias tanto na acción, no saber facer –presenza e intervención cotiá nos centros de traballo, na sociedade, negociación colectiva, asesoramento, representación institucional– como na opinión, no facer saber –estratexia de comunicación, creación de imaxe e opinión, intervención nas redes sociais–, convértese nunha urxente prioridade. O sindicato non pode xerar nin indiferenza nin distancia.

### Intervir para transformar

A acción do sindicato ten a misión de modificar a realidade no sentido de mellorar as condicións de traballo e de vida. Esa misión só pode cumprirse afrontando a realidade e os profundos cambios que a configuran na súa raíz. Isto hase facer mediante unha estratexia sindical definida cuxo obxectivo central se axuste a unha única premisa: intervir para transformar.

CCOO debe aspirar a representar o conxunto diverso e cambiante dos traballadores e as traballadoras. Nisto consisten hoxe os acenos de identidade do sindicalismo confederal e do sindicalismo de

clase. A cultura sindical debe partir dunha premisa: a proximidade. Isto esixe versatilidade, flexibilidade e capacidade de adecuación ao concreto –sempre diverso e plural–, centralidade nos obxectivos, organicidade nas decisións, articulación das estruturas e autonomía crecente na xestión. Só hai sindicato se se fai sindicalismo, e iso esixe afastarse da cultura do fugaz.

### Afastamento das rutinas

Esta reflexión leva a expor a necesidade de afastar o sindicalismo da rutina e da perspectiva do curto prazo para xerar maior capacidade de iniciativa e de proposta, para abordar unha axenda que nas súas primeiras páxinas consigne algunhas tarefas pendentes ares-tora no terreo sindical. Ha incluír o organizativo, porque fai parte del, e o que atangue os traballadores e traballadoras, cuxas condicións de emprego empeoran de maneira perigosa, empurrando a unha individualización das relacións laborais cada vez máis ampla. Do propio movemento sindical

dependerá que a situación sexa reversible.

### Facer saber

Cómpre, reitero, facer visible o traballo do sindicato no centro de traballo. Polo tanto, a carón dos temas de carácter máis xeral hai que poñer en valor, por sistema, a intervención simultánea do sindicato en milleiros de asesoramentos, de negociacións, de conflitos, de acordos... En definitiva, mostrar que intervén acotío na defensa dos dereitos dos traballadores e traballadoras. Este capital social haino que difundir e require planificación, xa que CCOO ten unha maior presenza social ca recoñecemento público.

É necesario seguir profundando no papel do sindicato como interlocutor na empresa e fóra dela. Hai que exporse, acometer os necesarios procesos de co-decisión na empresa e facer máis eficaces os de negociación social e laboral fóra dela. O sindicato ha ser, pois, interlocutor decisivo no micro e no macro.

O sindicato emancípase na

empresa e reforza o seu poder normativo-colectivo a partir da rama de produción como forma de ampliar a tutela de todos os traballadores e traballadoras, tamén nas pequenas e medianas empresas.

O sindicato, cómpre subliñalo, é ademais portador dun interese económico e social en termos político-democráticos. No contexto dunha crise económica, social e política como a actual, a reivindicación do sindicalismo, dos seus valores, da súa función social e das conquistas civilizatorias, resulta máis necesario ca nunca para defender os dereitos dos traballadores e das traballadoras e o estado do benestar.

**Cómpre facer visible o traballo do sindicato no centro de traballo, poñer en valor a intervención simultánea do sindicato en milleiros de asesoramentos, de conflitos, de acordos... Mostrar que intervén acotío na defensa dos dereitos dos traballadores e traballadoras. Este capital social haino que difundir**



Na imaxe, unha asemblea do persoal dunha empresa do sector da alimentación